DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. IES PINO MANSO.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO CURSO 2021-2022.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.

Para o alumnado dos cursos 1º, 2º, 3º e 4º de ESO, o cálculo da nota de cada avaliación será a que está estipulada na programación do curso 2021-2022.
Probas escritas: 60%
Lectura obrigada: 10%.
Tarefas de aula ou fóra dela: 30%.
O método de cualificación final de acordo á programación xeral é mediante a **avaliación continuada. A superación da terceira avaliación suporá a recuperación das anteriores avaliacións.**

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A CELEBRACIÓN DA 3ª AVALIACIÓN E A AVALIACIÓN FINAL.

1. **Actividades para o alumnado coa materia de Lingua galega e Literatura aprobada.**
   O profesorado preparará uns caderno de actividades de ampliación e reforzo que deberán ser traballadas no horario de clase e recollidas ao finalizar cada sesión. Todas as actividades deberán estar realizadas con coherencia, pulcritude, boa letra, ortografía e unha correcta expresión.
   Tamén será posible realizar actividades para acadar a mellora da expresión oral.
   Este alumnado poderá incrementar a súa nota final en como **máximo 1 punto.**

2. **Actividades para o alumnado coa materia de Lingua galega e Literatura non superada.**
   O alumnado que na 3ª avaliación non teña acadados os obxectivos mínimos esixibles deberá tentar recuperalos no período comprendido entre a finalización da 3ª avaliación e a avaliación final .
   Para iso haberá un caderno de actividades de recuperación que ha ser fiel aos contidos mínimos esixidos (adxuntados a este documento) coa finalidade de poder recuperar a materia. O alumnado debe realizar todas as actividades na aula con criterios idénticos ao alumnado aprobado.
   A maiores deberán realizar un **proba final escrita** na que se avalíen os contidos mínimos pendentes da súa recuperación.

O alumnado deberá contar con ter lido e avaliado un dos libros obrigados de lectura. De non ser o caso, terá que ser avaliado como mínimo dun deles. A nota desta proba será un 10% e contabilizarase como un apartado da proba escrita.

A proba final ten un valor do 60% e o traballo de aula un 40% para o total da nota.

BACHARELATO.

Para o alumnado de 1º e 2º Bacharelato o cálculo da nota de avaliación é a que está estipulada na programación do curso 2021-2022 .

Probas escritas: 80%.

Lecturas obrigadas e tarefas de aula: 20%.

A nota final será a media das tres avaliacións.

No remate da 3ª avaliación haberá unha proba de recuperación final dos contidos que non estean superados polo alumnado.

O alumnado que non acade a nota de **aprobado** na convocatoria ordinaria deberá presentarse na convocatoria extraordinaria do mes de xuño a unha proba final, onde se avaliarán todos os contidos do curso.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A 3ª AVALIACIÓN E A AVALIACIÓN FINAL.

O profesorado elaborará un boletín de actividades de ampliación para o alumnado de 1º BAC presente na aula e xa aprobado na convocatoria ordinaria.O alumnado suspenso e pendente de presentarse á convocatoria extraordinaria deberá realizar actividades de repasoproporcionadas pola profesora para preparar a proba final escrita da convocatoria extraordinaria.

O alumnado de 2º BAC realizará as actividades de reforzo e repaso que servirán para preparar os exames da convocatoria extraordinaria de xuño e as probas ABAU.

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA.

IES PINO MANSO CURSO 2021-2022.

CRITERIOS MÍNIMOS ESIXIBLES.

1.PRIMEIRO DE ESO.

Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar.

Comprensión de textos .

- Comprensión de textos propios dos medios de comunicación e mantemento dunha actitude crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación.
- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico.
- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega.

Produción de textos

- Exposición planificada de informacións de actualidade.
- Realización de narracións orais.
- Coherencia entre comunicación verbal e non verbal na produción dos discursos.
- Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos.

Bloque 2. comunicación escrita. Ler e escribir.

Comprensión de textos

- Comprensión de textos propios da vida cotiá, dos medios de comunicación e do ámbito académico.
- Lectura en voz alta, incidindo especialmente na adecuación aos patróns fonéticos do galego e na atención dos signos de puntuación.

Produción de textos escritos

- Composición de textos propios da vida cotiá , dos medios de comunicación e do ámbito académico.
- Planificación , revisión e boa presentación dos textos escritos.

Bloque 3. Funcionamento da lingua.

- Recoñecemento das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio) para o perfeccionamento da produción e comprensión textuais.
- Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso.
- Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.

Bloque 4. Lingua e sociedade.

- Coñecemento xeral da diversidade lingüística no mundo e no Estado español, valorando positivamente o plurilingüismo.
- Observación da situación sociolingüística en canto a usos e actitudes no contorno máis próximo.
- Coñecemento da nosa lexislación esencial en materia lingúística no ámbito do ensino.

Bloque 5. Educación literaria.

- Selección guiada e lectura orientada de obras adecuadas á idade que estimulen o hábito e pracer lector ao tempo que amplían o coñecemento do mundo.
- Lectura expresiva e comprensiva de diferentes textos literarios.
- Comparación entre textos literarios e non literarios e dos tres grandes xéneros.
- Análise doutras linguas estéticas: o cómic.
- Aproveitamento guiado dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais.

1. **SEGUNDO DE ESO.**

Bloque1. Comunicación oral. Escoitar e falar.

Comprensión de textos..

- Comprensión de novas de actualidade e de información procedentes dos medios de comunicación.
- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico.
- Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós.
- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

  Produción de textos.
- Exposición clara e ordenada coa axuda das Tic, de información de actualidade que interesen ao alumnado tomadas dos medios de comunicación.
- Coherencia entre comunicación verbal e non verbal na produción dos discursos e presentacións orais.
- Participación en situacións de comunicación reais ou simuladas propias da vida cotiá do alumnado adoptando o rexistro adecuado a elas.
- Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e actitude de cooperación en situacións de aprendizaxe compartida.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

Comprensión de textos

- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado.
- Comprensión e análise de textos dos medios de comunicación.
- Comprensión de textos do ámbito académico , atendendo especialmente aos de carácter instrutivo e expositivo.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación.
- Lectura en voz alta con dicción correcta.

Produción de textos escritos

- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado , como diarios ou cartas persoais.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación en soporte papel ou dixital.
- Composición de textos narrativos ou descritivos.
- Planificación , revisión e boa presentación dos textos escritos ben presentados e correctos , aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos, etc.

Bloque 3. Funcionamento da lingua.

- Revisión da adecuación de textos alleos e propios, con especial atención ao tratamento dos interlocutores e ás fórmulas de cortesía.
- Indución, a partir de usos contextualizados , da estrutura das palabras flexivas , especialmente substantivo e verbo, e recoñecemento dos seus aspectos morfolóxicos máis precisos para a mellora da comprensión e produción textuais.
- Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación da fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.
- Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección , aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.

Bloque 4. Lingua e sociedade.

- Coñecemento xeral da situación das linguas minorizadas e das internacionais, valorando positivamente o
- plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Comprensión da situación sociolingüística galega en canto a usos e actitudes xerais.

Bloque 5. Educación literaria.

- Selección guiada e lectura progresivamente autónoma de obras adecuadas á idade que estimulen o hábito e pracer lector ao tempo que amplían o coñecemento do mundo.
- Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de poemas recitados ou cantados.
- Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de textos narrativos breves.
- Lectura dramatizada e comprensiva de pezas teatrais.
- Creación de textos de intención literaria partindo dos trazos formais dos traballados na aula e das posibilidades lúdico-estéticas da lingua.

2. TERCEIRO DE ESO.

Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar.

Comprensión de textos.

- Comprensión e valoración crítica de textos propios dos medios de comunicación.
- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico.
- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

Produción de textos.

- Exposición planificada sobre temas de actualidade que interesen ao alumnado tomadas dos medios de comunicación axudándose dos medios audiovisuais e das TIC.
- Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e actitude de cooperación en situacións de aprendizaxe compartida.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

Comprensión de textos.

- Comprensión de textos propios da vida cotiá, dos medios de comunicación e do ámbito académico.
- Detección do tema e dos subtemas de textos expositivos e aplicación a estes de técnicas de análise do contido de textos escritos ; subliñado das ideas principais , elaboración de esquemas que as estruturen visualmente e resumo.
- Utilización practicamente autónoma da biblioteca e das TIC.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación.
- Lectura en voz alta adecuada aos patróns fonéticos do galego.

Produción de textos escritos.

- Composición de textos propios da vida cotiá, dos medios de comunicación e do ámbito académico.
- Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos , con respecto polas normas gramaticais e ortográficas.
- Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos.

Bloque 3 . Funcionamento da lingua.

- Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns e mais dos mecanismos de cohesión textual.
- Recoñecemento dos mecanismos de formación de palabras (derivación e composición), para o perfeccionamento da comprensión e produción textuais.
- Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.
- Identificación e revisión da estrutura do texto.

- Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica , así como das normas ortográficas , con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.
- Reflexión básica acerca daqueles aspectos da fonética e da fonoloxía do galego onde poidan producirse interferencias.
- Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección , aceptando o erro como parte do proceso de autoaprendizaxe.

Bloque 4. Lingua e sociedade.

- Coñecemento xeral das causas que contribúen á minorización , substitución e normalización das linguas.
- Coñecemento xeral da formación da lingua galega e das distintas etapas da súa historia social ata o século XIX.
- Comprensión da situación sociolingüística galega a través da abordaxe dos fenómenos de contacto de linguas.
- Coñecemento da nosa lexislación esencial en materia lingüística referida aos medios de comunicación.
- Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega,afirmando o plurilingüismo.
- Recoñecemento das características contextuais e formais dos distintos niveis e rexistros.

Bloque 5. Educación literaria.

- Selección e lectura autónoma de obras adecuadas á idade que estimulen o hábito e pracer lector ao tempo que amplían o coñecemento do mundo.
- Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de textos poéticos recitados ou cantados da literatura galega desde a Idade Media ao século XIX e da popular.
- Lectura expresiva e comprensiva e mais audición da prosa galega anterior ao século XX así como de contos e lendas populares.
- Lectura dramatizada e comprensiva e mais visionamento de fragmentos do teatro galego anterior ao século XX, observando as súas características.
- Elaboración de traballos sinxelos sobre as lecturas e o seu contexto , entendendo o influxo determinante das circunstancias históricas e da situación sociolingüística na evolución do sistema literario galego.
- Análise doutras linguaxes estéticas. O cinema.
- Aproveitamento progresivamente autónomo dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas .

CUARTO DE ESO.

Bloque 1. comunicación oral. Escoitar e falar.

Comprensión de textos.

- Comprensión de textos propios dos medios de comunicación audiovisual.
- Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación audiovisual, atendendo aos compoñentes verbais e non verbais da comunicación publicitaria.
- Actitude de interese , de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós, sobre todo en debates , exposicións do profesorado ou do alumnado e mais no traballo cooperativo.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes dos medios de comunicación.
- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

Produción de textos.

- Coa axuda dos medios audiovisuais e das Tic, presentacións orais ben organizadas sobre temas de actualidade.
- Participación activa en situacións propias do ámbito académico , especialmente en autoavaliación das tarefas realizadas e en presentacións orais coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC.
- Participación activa en debates e noutras situacións de comunicación reais ou simuladas, ofrecendo argumentos e respectando as normas que rexen a interacción oral organizada.
- Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais, respectuosas con qune nos rodea e actitude de cooperación en situacións de aprendizaxe compartida.
- Interese por producir enunciados correctos e non interferidos desde o punto de vista fonético , fuxindo dos prexuízos que adoitan relacionarse con determinados modelos de lingua oral.

Bloque 2. comunicación escrita. Ler e escribir.

Comprensión de textos.

- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais.
- Comprensión dos textos dos medios de comunicación.
- Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación escritos.
- Comprensión de textos do ámbito académico , como os procedentes de dicionarios,glosarios e outras fontes de información en diversos soportes.
- Utilización autónoma da biblioteca e as TIC para obter, organizar e seleccionar a información.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñen calquera tipo de discriminación , con especial atención ás procedentes da publicidade e dos xéneros de opinión nos medios de comunicación.
- Lectura en voz alta adecuada aos patróns fonéticos do galego e fluidez lectora que favoreza a comprensión dos textos traballados na aula.

Produción de textos escritos.

- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación en soporte papel ou dixital.
- Composición en soporte papel ou dixital , de textos propios do ámbito académico.
- Planificación , revisión e boa presentación dos textos escritos , con respecto polas normas gramaticais e ortográficas.
- Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos.

Bloque 3. funcionamento da lingua.

- Revisión da adecuación de textos alleos e propios.
- Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.

- Identificación e revisión da estrutura dos textos alleos e propios.
- Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica , así como das normas ortográficas , con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.
- Reflexión básica acerca daqueles aspectos da fonética e da fonoloxía do galego onde poidan producirse interferencias, exposición a modelos positivos e práctica.
- Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección , aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- Interpretación e aproveitamento da informacións lingüísticas que ofrecen os dicionarios e as obras de consulta.

Bloque 4. lingua e sociedade.

- Coñecemento xeral da situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Coñecemento xeral das distintas etapas da historia social da lingua galega desde comezos do século XX . Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.
- Comprensión da situación sociolingüística de Galicia a través da revisión da presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos e dos factores de normalización , desenvolvendo proxectos de traballo que permitan enfrontar e superar prexuízos lingüísticos.
- Consciencia da necesidade e das potencialidade de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo.
- Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega e da función da lingua estándar.

Bloque 5. Educación literaria.

- Selección e lectura autónoma de obras fundamentais da literatura galega desde comezos do século XX ata a actualidade adecuadas á idade. Recoñecer o papel das personaxes femininas nestas obras.
- Lectura expresiva e comprensiva e audición de textos poéticos das distintas etapas da literatura galega desde 1900.
- Lectura expresiva e comprensiva e audición de textos narrativos en galego dos séculos XX e XXI.
- Lectura dramatizada e comprensiva e mais visionamento de textos teatrais galegos dos séculos XX e XXI.
- Creación de textos de intención literaria .

3. 1º BACHARELATO

MÍNIMOS ESIXIBLES .

- Coñecemento da morfoloxía , sendo capaces de dar explicacións en certos usos especiais: valores das perífrases, uso do infinitivo conxugado, pronomes, etc.
- Uso dunha ortografía e expresións correctas.
- Comprensión dos conceptos sociolingüísticos explicados no curso.
- Responder a cuestións léxicas dun texto: significados , sinónimos...
- Recoñecemento e explicación de tipoloxía textual.
- Manexo do comentario de textos: tema, resumo, esquema, estrutura, comentario persoal crítico...
- Redactar correctamente un texto sobre un dos temas sinalados no programa ou outro tema calquera.
- Coñecer os autores e comentar as obras máis representativas da literatura galega da Idade Media ao século XIX, establecer relacións e interpretar textos e obras.
- Lectura comprensiva dos libros de lectura obrigada.

4. 2º BACHARELATO.

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa.
- Comprensión , interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos especializados do ámbito educativo.
- Comprensión , interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social.
- Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.
- Produción de textos propios do ámbito educativo, xornalístico ... con axuda de estratexias e coñecementos lingüísticos , sociolingüísticos e pragmáticos.
- Análise e comentario de textos expositivos e argumentativos propios do ámbito educativo
- Descrición das propiedades do texto e análise , nas producións propias e alleas dos procedementos básicos de cohesión, coherencia e adecuación.
- Análise e explicación do léxico e dos seus procedementos de formación.
- Observación e reflexión das unidades e funcións sintácticas.
- Comprensión do diferentes elementos da sociolingüística galega.
- Coñecemento da literatura galega do século XX e parte do XXI.